

## **Certificación**

---

**Óscar Martínez Montero**, secretario de la junta directiva de la Asociación de Fútbol Aficionado de A Coruña (AFAC).-

### **C E R T I F I C O:**

Que el día 9 de octubre de 2024 se ha celebrado asamblea general extraordinaria de la Asociación de Fútbol Aficionado de A Coruña (AFAC), adoptándose el acuerdo siguiente:

**“4.- Aprobación, si procede, de la modificación de Reglamento de Premios y Distinciones de la Asociación de Fútbol Aficionado de A Coruña (AFAC)”**

**Primero.-** Aprobar inicialmente la modificación del Reglamento de Premios de la Asociación de Fútbol Aficionado de A Coruña (AFAC), de acuerdo con la propuesta remitida y que a efectos públicos, se anexan al acta de la presente asamblea general, una vez hayan cumplido los trámites necesarios para su aprobación con carácter definitivo.

**Segundo.-** Proceder a su exposición pública en la web corporativa ([www.afacoruna.com](http://www.afacoruna.com)) por un plazo de treinta (30 días), a contar desde el siguiente a la aprobación inicial de este acuerdo, para que los interesados puedan presentar las reclamaciones, propuestas de modificación o sugerencias que estimen oportunas, que además de por escrito, podrán ser remitida por correo electrónico a la cuenta general de la asociación ([info@afacoruna.com](mailto:info@afacoruna.com)).

De no presentarse reclamaciones, propuestas de modificación o sugerencias finalizado dicho plazo, se entenderá definitivamente aprobada dicha modificación de Estatutos. De presentarse, se convocará una nueva asamblea general extraordinaria para su debate, aceptación o no de lo presentado antes de que ser aprobados de manera definitiva.

Y para que conste conste expido este certificado, firmado digitalmente por el presidente y por mi, secretario, en fecha que figura en las firmas del presente documento.

**REGULAMENTO DE**  
**PREMIOS ANUAIS DA**  
**ASOCIACIÓN DE FÚTBOL**  
**AFICIONADO DE A CORUÑA**  
**(AFAC)**

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Asociación de Fútbol Aficionado de A Coruña (AFAC) no seu ánimo de premiar e recoñecer o esforzo, amor por unha entidade e cores, sacrificio e lealdade das persoas, entidades deportivas, sociais ou de calquera ámbito da nosa cidade, aproba o presente Regulamento de Premios.

### **- PREMIO CONCELLO DA CORUÑA**

Destinado a premiar ás xogadoras ou xogadores formados nun ou varios clubs da AFAC que teñan debutado e xogado na máxima categoría a nivel nacional (Feminina e Masculina).

Este premio será único por tempada e tamén pode ser concedido con efectos retroactivos.

### **- PREMIO DEPUTACIÓN DA CORUÑA**

Destinado a premiar a entidades, clubs, xogadoras ou xogadores, persoal técnico ou directivo dos clubs que integran a AFAC que realicen un labor destacado en canto a comportamento e recoñecida traxectoria, así como pola súa axuda ó ente federativa ou ó Comité Técnico Galego de Árbitros de Fútbol (CTGAF).

### **- PREMIO XUNTA DE GALICIA**

Destinado a premiar ás entidades, persoas, institucións públicas ou privadas, que pola súa acción favoreza de xeito notorio o desenvolvemento diario e traballo da AFAC.

### **- PREMIO DE HONRA DA AFAC**

Destinado a premiar ás empresas ou entidades do tecido empresarial, social ou de calquera ámbito que preste unha colaboración e axuda recoñecida ó traballo que desenvolve AFAC ó longo de todo ano na cidade ou que preste un labor recoñecido de axuda a colectivos desfavorecidos na nosa cidade.

## **MEDALLAS AO MÉRITO FÚTBOLÍSTICO (INSIGNIA AFAC)**

### **XOGADORAS E XOGADORES**

#### **a) Ouro**

Aquelas ou aqueles que sexan convocados para xogar coa selección nacional, en calquera das súas categorías e as e os que integren a disciplina do seu club durante quince (15) anos de xeito continuo (deberase aportar currículo deportivo federativo). Este premio será a proposta das entidades AFAC e único por tempada, podéndose conceder de xeito retroactivo.

#### **b) Prata**

Aquelas ou aqueles que sexan convocados para xogar co primeiro equipo, tanto masculino coma feminino, do noso Real Club Deportivo da Coruña e as e os que integren a disciplina do seu club durante dez (10) anos de xeito continuo (deberase aportar currículo deportivo federativo). Este premio será a proposta das entidades AFAC.

### **COLECTIVO ARBITRAL**

#### **a) Ouro**

Aquelas ou aqueles que xogaran ou realizan labores técnicos nalgunha das entidades asociadas e fosen nomeados como árbitros internacionais pola FIFA ou a debutasen na máxima categoría a nivel nacional, tanto feminina coma masculina. Este premio será a proposta dos clubs nos que realizaron as ditas actividades e único por tempada, podéndose conceder de xeito retroactivo.

#### **b) Prata**

Aquelas ou aqueles que xogaran ou realizan labores técnicos nalgunha das entidades asociadas e debutasen na máxima categoría a nivel nacional, tanto feminina coma masculina. Este premio será a proposta dos clubs nos que realizou as ditas actividades e único por tempada, podéndose conceder de xeito retroactivo.

Ademais, tamén serán merecedoras desta distinción aquelas e aqueles que teñan realizado un traballo recoñecido a prol do fútbol afeccionado e que sexan un exemplo pola súa conduta no desenvolvemento do labor arbitral en canto a compromiso, valores, trato e empatía coas entidades asociadas.

## **PERSOAL TÉCNICO**

### **a) Ouro**

Aquelas ou aqueles que sexan integrantes do corpo técnico da selección nacional absoluta, en calquera das súas categorías e as e os que estean vinculados a un mesmo club durante quince (15) anos de xeito continuo (deberase aportar currículo deportivo federativo). Este premio será a proposta das entidades AFAC e único por tempada, podéndose conceder de xeito retroactivo.

### **b) Prata**

Aquelas ou aqueles que sexan integrantes do corpo técnico do primeiro equipo, tanto masculino coma feminino, do noso Real Club Deportivo da Coruña e as e os que estean vinculados a un mesmo club durante dez (10) anos de xeito continuo (deberase aportar currículo deportivo federativo).

## **PERSOAL DIRECTIVO “PREMIO Ó TRABALLO COLECTIVO” (OURO)**

Aquelas persoas que formen parte da Xunta Directiva dos clubs integrantes da AFAC de xeito continuo como mínimo quince (15), debéndose aportar certificado federativo. As que merezan obter o premio como recompensa a unha longa e notoria traxectoria no fútbol base da cidade ou que aconteza un feito ou situación especial que o aconselle. Este premio será a proposta da Xunta Directiva da AFAC, único por tempada, podéndose conceder de xeito retroactivo.

## **PERSOAL DIRECCIÓN AFAC (PRATA)**

Teñen dereito á imposición da insignia de prata da AFAC as persoas que sexan elixidas para ostentar a presidencia da AFAC e aquelas persoas que a propia presidencia nomee como integrante da Xunta Directiva da mesma, por mor do traballo desinteresado a desenvolver a prol da Asociación, duplicando este labor porque na maior parte dos casos seguirán vinculadas ás súas entidades de orixe. Este premio materializarase de xeito directo, dándose conta na primeira asemblea que a Asociación celebre despois da súa elección.



## **DISPOSICION DEROGATORIA ÚNICA**

O presente Regulamento derroga aqueles outros regulamentos, disposicións ou normativas que versando sobre estes contidos, puideran ser de aplicación ata esta data.

En todo o non previsto neste Regulamento estarase ó disposto nas leis aprobadas no ordenamento xurídico.

**ÓSCAR MARTÍNEZ MONTERO**, Secretario da Xunta Directiva da Asociación de Fútbol Aficionado da Coruña (AFAC)

### **C E R T I F I C A:**

Que o presente Regulamento, que consta de cinco (05) páxinas asinadas ó marxe polos membros da xunta directiva da asociación, foi aprobado definitivamente na asemblea xeral extraordinaria de data, 9 de outubro de 2024.

O que se certifica aos efectos oportunos, co visto e praxe do presidente; A Coruña, asinado dixitalmente polo secretario e presidente na data que figura no pé de sinatura.